



NOTIFICACIÓN

Expediente núm.: 3373/2025

Notificación ao Interesado

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Interesado: FONDO GALEGO DE COOP. E SOLIDARIDADE

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO	DATA	NÚM. DECRETO
3373/2025	Alcalde	15/10/2025	2025-2039

Mediante a presente se lle notifica a seguinte resolución, para os seus efectos e coñecemento:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

- O anexo de subvencións do orzamento aprobado para o ano 2025, recolle entre outras, unha subvención nominativa por importe de 30.000,00 euros cuxo beneficiario é o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Dita subvención instrumentarase a través dun convenio.
- Conta tida de que a presidencia de dita asociación e a alcaldía-presidencia deste concello recaen na mesma persoa, en data 10/01/2025, mediante resolución núm. 2025-0046, o Alcalde acorda abstense na tramitación de tódolos expedientes administrativos relativos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, sendo substituído polo Primeiro Tenente de Alcalde.
- En data 3 de xullo de 2025, a asociación presenta unha memoria do programa a realizar, así como os certificados de non ter débedas coas administracións públicas xunto cunha solicitude de pago anticipado.
- En data 22/09/2025 o primeiro tenente de alcalde ordena a tramitación do correspondente expediente para a aprobación do convenio.
- Consta no expediente unha memoria xustificativa para a celebración do convenio, de data 22/09/2025, da Concelleira de servizos sociais.
- Consta no expediente documento núm. 220250008939 de Retención de Crédito de data 23/09/2025 polo importe de 30.000,00 euros na aplicación orzamentaria 231.48008.
- Consta un borrador de convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a realización de tres proxectos denominados: “Sistema de abastecemento de auga” e “Instalación de valados de





protección fronte a crocodilos” en Nhamayabue e “Sistema de rego por goteo” en São Miguel.

- Considerando que as datas para a realización das actividades así como para a xustificación da subvención é insuficiente, en data 14/10/2025, o Primeiro Tenente de Alcalde asina un novo texto do convenio ampliando ditas datas co código de verificación: 747FAQS6YPSQW6MRF6ZKM66EF.
- Consta informe núm. 2025-0254, de data 14/10/2025, da interventora municipal con eivas respecto a aplicación orzamentaria á que debería imputarse un dos investimentos e dado que a cooperación internacional non ven recollida expresamente entre as competencias municipais,

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e a Asociación Fondo Galego de Cooperación (G15629629) co cód. de validación: 747FAQS6YPSQW6MRF6ZKM66EF.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231.48008 a favor da entidade beneficiaria, polo importe de 30.000,00 euros.

TERCEIRO: Procederá o reintegro das cantidades percibidas no caso de que a cantidade xustificada sexa menor que o importe concedido, así como no resto dos supostos establecidos no art. 37 da LXS.

No caso de que proceda o reintegro das cantidades percibidas, esixirase o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, podendo non obstante o beneficiario proceder de forma voluntaria á devolución das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes, de conformidade co disposto no art. 90 LXS.

CUARTO: Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións a concesión da presente subvención e publicar no portal de transparencia do Concello de Nigrán a subvención concedida, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiario.

P.D. Primeiro tenente de alcaldía (BOPPO núm. 2 do 03/01/2025).

RECURSOS/ALEGACIÓNS





Proceder á notificación ao interesado desta resolución, que pon fin á vía administrativa, advertíndolle que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

